


# Primeiro de maio, día do traballo



Por Espazo de Encontro Comunista

**O 1 de maio de 2020** preséntase no medio dun panorama sombrío para a clase traballadora mundial. Nestes momentos aínda estamos a sufrir o azoute dun virus letal que pode afectar a algún familiar ou amizade, e que nos mantén preocupados por protexer a nosa saúde e a da nosa familia cos medios que temos ao noso alcance.


Pero todos somos conscientes de que os efectos desta enfermidade escapan por completo do ámbito da saúde individual. A necesidade ineludible de frear o que xa era unha pandemia afectou a unha economía que presentaba problemas previos. E nun mundo rexido polas leis do modo de produción capitalista, só en base a elas poderemos explicar tanto a xestión política realizada até o momento como o desenvolvemento futuro do que xa é unha crise económica e social *capitalista*. Ata que o noso punto de partida pase a ser a clase social, e falemos como *clase traballadora*.



## *Clase traballadora e salario*

Somos clase traballadora porque para sobrevivir necesitamos vender a nosa forza de traballo a cambio dun salario (o cal inclúe a asalariados de todos os niveis, a autónomos dependentes e falsos autónomos, riders, fixos, temporais, a tempo parcial, desempregados, etc.). Estamos forzados a iso porque nós non temos medios de produción, nin no noso poder nin a disposición social, para producir os nosos medios de subsistencia e decidir sobre a súa repartición. Por iso temos que vender a nosa capacidade de traballar a quen si ten eses medios de produción -os capitalistas-, a cambio da cal nos pagan un salario co que comprar o que necesita a nosa familia. É dicir, poñemos a nosa forza de traballo no mercado e, co que nos pagan, compramos o que necesitamos no mercado.

O capital é a outra clase protagonista neste modo de produción. Se nos pagan un salario que cobre o valor da nosa forza de traballo dun mes é porque, cando traballamos, creamos na práctica máis valor que o que nos permite reproducirnos ese mes. É dicir, o capitalista non pon os medios de produción polo feito de sacar ao mercado produtos ou servizos útiles, senón só na medida en que espera atopar un beneficio na diferenza entre a venda do que producimos e o que el nos paga. Falamos, pois, de que *calquera salario é unha relación de explotación*.





## *Tipos de salario*

Dende hai douscentos anos os traballadores pelexamos por conseguir melloras na parte que levamos. Isto é un labor continuo. Non só porque os capitalistas aproveiten as crises recorrentes e a inflación para volver baixar a nosa parte, senón porque a propia evolución da tecnoloxía permite que cada traballador produza cada vez máis en menos tempo, co que sempre hai que estar a loitar para que o capitalista non quede con esa mellora para el só.

Dende moi pronto se fixo patente que a única maneira de conseguir melloras era pelexar unidos. É dicir, *organizarnos como clase traballadora*.

Con esas loitas os traballadores non só conseguimos melloras no *salario directo*, que é o que nos pagan en efectivo a fin de mes. Tamén conseguimos nalgúns países que se nos pague unha parte do salario en forma de prestacións socializadas para toda a clase. Desta forma, hai dous compoñentes máis do salario que debemos ter en conta.

O *salario indirecto* é o que nos pagan en forma de produtos ou servizos que necesitamos en determinamos momentos da nosa vida. Falamos de educación pública para os nosos fillos, medicamentos e atención médica cando enfermamos, axudas á vivenda, servizos sociais, etc.

O *salario diferido* é o que toda a clase traballadora paga a aqueles que non poden traballar. Son as pensións dos nosos maiores, e tamén son a paga de desemprego cando quedamos sen traballo.

*Salarios directo, indirecto e diferido son salario*, e por tanto o capitalista considéraos detraídos do seu beneficio. Por iso *o tres compoñentes do salario están en disputa* permanente entre as dúas clases.

## *A loita recrudécese no últimos corenta anos*

Se até agora explicamos conceptos xerais do capitalismo, a partir da década de 1970 dáse unha circunstancia dependente do ciclo: faise máis difícil manter a taxa de beneficios, a cal fora particularmente alta dende a saída da guerra mundial. Comeza así un período no que o capital ten que *aumentar* a explotación para manter os beneficios.

O ataque desenvólvese contra o salario en todas as súas formas, para o que necesita crebar a organización dos traballadores. A concertación, o diálogo social e os “intereses comúns” desmontan a loita consciente da clase traballadora. Para baixar o salario directo faise uso da inflación, da presión do paro, da precarización, da ameaza da deslocalización, a represión política e sindical, etc. Pola súa banda, os salarios indirecto e diferido cércanse dende varias fronteas.

### *O ataque aos servizos públicos, o subsidio de desemprego e as pensións*

Para o capital estes tres conceptos son o diaño. Non só son partes do salario que lles gustaría eliminar porque resta ao seu beneficio; ademais, a súa xestión por parte do Estado fai que as cantidades que se moven nestes sectores non se xestionen como capital que rende beneficios. O seu desexo sería que todos os servizos públicos que non son necesarios para o funcionamento da máquina social capitalista, fosen comprados no mercado por aquel que llos puidese pagar, é dicir, mercantilizarlos. O subsidio de desemprego nin sequera podería ter este tratamento, xa que *no capitalismo o traballo non é un dereito*. Pagar a quen queda en paro carece de toda lóxica para os capitalistas, pois evita que ese traballador volva ao mercado laboral a aceptar a miseria que queiran ofrecerlle, é dicir, impide tamén a *baixada* do salario directo.

Por iso desde a recomposición do capitalismo español tras a morte de Franco, todos os gobernos sen distinción avanzaron nunha destrución sistemática dos dereitos laborais e sociais que o capital tivo que ceder antes de que os Pactos da Moncloa desactivasen a organización obreira. Desde o PSOE de Felipe González, ningún goberno deixou de facilitar o despedimento e a temporalidade (reducción de salario directo), de dificultar o acceso ao desemprego e reducir a súa contía e duración, de endurecer o cómputo da pensión e subir a idade de acceso (reducción de salario diferido), avanzar na mercantilización da universidade, na educación concertada, na privatización da sanidade, o copago farmacéutico, a amortización de prazas de funcionarios, etc (reducción do salario indirecto).

Alí onde a mercantilización completa do antigo servizo público é imposible, a solución de compromiso pasa pola titularidade pública e a xestión privada, xa sexa na sanidade, na escola concertada, no SEPE xestionado por ETTs , etc.

Podes acceder a unha descrición deste proceso no noso documento:

<https://encuentrocomunista.org/articles/documento-sobre-a-situacion-do-traballo-en-2019/>



## *A anestesia do diálogo entre clases*

Para que este proceso manifestamente contrario aos intereses dos traballadores se poidera levar a cabo, foi necesario convencer aos prexudicados de que a) non hai outra alternativa, e b) debían aceptar a substitución da súa propia organización autónoma de clase polo diálogo “*ciudadán*” e a persecución duns supostos “*intereses comúns*”.


Entramos así nun proceso de catro décadas nas que se desmantela a industria porque “*non é competitiva*”, privatízanse as empresas públicas porque “*a xestión privada é máis eficiente*”, elimínanse as proteccións na contratación e o despedimento porque o desemprego é consecuencia da “*rixidez do mercado laboral*”, condénanse as pensións no Pacto de Toledo para crear unha “*hucha que garantiría a súa dotación para sempre*”, asínase a lei 15/97 de xestión privada da sanidade porque era “*a maneira de garantir unha sanidade de calidade*” ou se entra nunha moeda común con economías máis fortes porque, indubidablemente, ía servir para igualar aos cidadáns europeos”.

En todas estas propostas tramposas participou activamente o PSOE. Na maioría delas contouse coa aquiescencia, si non o apoio, dos sindicatos de concertación. En todas elas o preámbulo da lei correspondente anunciaba os maiores goces para os traballadores, e en todas elas acabamos máis afundidos tras o paso duns poucos anos.



## *As últimas vías de destrución de dereitos laborais*

E é que nos deixamos enganar si creemos que é unha cuestión de xestión “*neoliberal*” ou “*socialdemócrata*”, pois en todo occidente sucedéronse gobernos adscritos máis ou menos abertamente a ambas as correntes que actuaron segundo as mesmas liñas mestras, mesmo co apoio do contrario na oposición. En realidade, trátase de que *o capital necesita aumentar os seus beneficios e o Estado burgués está precisamente para garantir que iso sexa posible.*



Xa vimos como se abren as portas ao capital en sectores que estaban baixo control público. Pero se o capital necesita ocupar áreas que antes estaban en mans de particulares e non xeraban plusvalía, xa sexa o taxi, os multiservizos, o pequeno comercio, etc., o Estado reacciona como mínimo coa inacción e a aceptación dos feitos consumados.

Se os novos modelos de negocio só se poden sustentar no traballo carente por completo de dereitos -é dicir, na *sobre-explotación*-, como o que aplican as plataformas de repartición aos riders, o Estado opta polo “deixar facer” e observar, alegando que hai que deixar espazo ás experimentacións que fan máis competitivo o mercado. Xa haberá oportunidade, segundo a combatividade que demostren os traballadores, de concluír se lles vale o réxime de autónomos ou se hai que modificar a lexislación laboral para tranquilizarlles sen pór en risco o beneficio ampliado.

A penúltima ofensiva do capital está a xestarse nestes momentos, e a súa pretensión é desembarazarse dunha vez por todas dos últimos restos de proteccións ligadas ao traballo. E o que é peor, esta vez téntase suprimir a propia idea de que poidan existir beneficios ligados a ser traballador. Estamos a falar da *separación de fontes*, da *Mochila Austriaca* e do *Ingreso Mínimo Vital*.



Castigo menor

- *A separación de fontes entre prestacións contributivas e non contributivas* farase coa escusa de que a Seguridade Social sairá de números vermellos, uns números vermellos nos que a meteron eles mesmos co Pacto de Toledo, as rebaixas nas cotizacións e a subvención ás empresas. Os perceptores de prestacións non contributivas (cada vez máis, conforme se precarizan as relacións laborais) van ser transformados con esta separación nuns “*vagos que queren vivir dos impostos dos demais*”.
- *A Mochila Austriaca* privatiza en forma de seguro a prestación por desemprego e a pensión. Ambos os conceptos pasan a ser unha responsabilidade do individuo, e deixan de ser proteccións conseguidas por e para a clase. Se unha crise prolongada ou un revés vital fanche esgotar a cobertura do seguro, a sociedade non ten ningunha responsabilidade contigo.
- Para evitar a caída masiva na indixencia como consecuencia dos procesos expostos, créase o *Ingreso Mínimo Vital*. A súa dotación non está ligada a un dereito de clase, senón que é unha medida “*humanitaria*” que calquera goberno pode decidir baixar ou mesmo suprimir.

Podes aprender máis sobre estas medidas e as súas consecuencias no noso documento:

<https://encuentrocomunista.org/articles/ingreso-minimo-vital-e-mochila-austriaca-asistencialismo-envelado/>


## ***Defendemos o traballo e a conquista de dereitos, non a caridade laica***

Os traballadores non podemos tragarnos estas mentiras unha vez máis. O que están tentado é eliminar o compoñente do salario que identificamos como salario diferido. Están a quitarnos a parte do salario que nos protexe ante o desemprego e asegúranos uns ingresos durante a vellez, unhas conquistas que custaron máis de cen anos e polas que pelexaron millóns de traballadores. Para conseguilo ***van tentar dividirnos***, tratarán de convencernos de que non hai para todos, dirannos que queren garantir a seguridade dos que contribúen fronte aos inconscientes, dos que traballan fronte aos que prefiren vivir das axudas, etc.

Pero esta vez a aposta é máis ambiciosa. A estratexia coa que fixeron aparecer en escena o *Ingreso Mínimo Vital* a partir da discusión sobre a *Renda Básica* permítelles asociar a miseria do primeiro co utopismo cidadanista do segundo. A partir de agora as prestacións que non estean incluídas no seguro individual da *Mochila Austriaca* deixarán de ser un dereito colectivo dos traballadores para converterse nunha mera medida de graza que outorga o Estado aos menesterosos.

Converten así as crises capitalistas e o paro estrutural do seu sistema en desgrazas naturais, ao traballador desempregado nun simple pobre, os dereitos en caridade laica.

Empezamos dicindo que o salario é explotación. Como comunistas, loitamos pola abolición do traballo asalariado, pero sabemos que mentres continuemos insertos no modo de produción capitalista temos que pelexar cada día por defender e aumentar o noso salario, así como os dereitos conquistados (para refrescar tanto a necesidade como as limitacións desta loita económica, recomendamos a lectura de “Salario, Prezo e Ganancia”, de Karl Marx, especialmente o [capítulo XIV](#)).



Para poder afrontar esta pelexa, a única vía é *tomar conciencia* de que somos traballadores; nin clase media, nin cidadáns, nin sequera nacionais de tal ou cal país. Temos uns intereses comúns como traballadores, e *irreconciliables* cos intereses do capital, independentemente de que este último opte pola apertura globalizadora ou polo repregamento nacionalista segundo *o seu* interese. A nosa forza dánola o estar unidos e *organizados como clase*. Unha organización cuxa necesidade pode resultar evidente no plano económico-sindical, si, pero que tamén debe desenvolverse no ámbito **socio-político**, *sen que este deba confundirse co parlamentarismo*. Iso foi o que permitiu arrincar en momentos moito máis duros que estes as conquistas que agora nos queren quitar. Iso é o que nos lembra este e todos os primeiros de maio.

Espazo de Encontro Comunista, 1 de maio de 2020.

**Non vos lamentedes, organizádevos**